



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Antón Sánchez García, que forman parte do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión I**, relativa á privatización da redacción de proxectos de lei.

O furor neoliberal do goberno Núñez Feijóo semella non coñecer límites e así retomando un expediente privatizador que xa empregou nalgũa outra ocasión, a Xunta vén de subcontratar a redacción de dous proxectos de lei, o de conservación da natureza e o da pesca fluvial.

Non lle chega ao PP desmantelar e privatizar multitude de servizos públicos que agora emprende un paso máis cara o abismo neoliberal coa subcontratación da redacción de normas legais.

Coa resolución do 26 de febreiro do 2015, da secretaría xeral técnica da consellaría de medio ambiente, territorio e infraestruturas, anúnciase a licitación polo procedemento aberto da contratación do servizo para a elaboración de dous borradores de lei nas materias de conservación da natureza e pesca fluvial. Procedemento que vainos custar en primeira instancia segundo o orzamento base de licitación ate 72.600 euros.

Con esta resolución se pon en cuestión a iniciativa legislativa, que o artigo 13 do Estatuto atribúe aos integrantes da Cámara, ao Parlamento e á Xunta. O público subordínase ao privado nun eido da máxima importancia e simbolismo como é o da elaboración das leis. Gástanse cartos que se poden empregar noutras accións públicas e cédese atribucións do poder galego inadmisibles nun réxime democrático.

Xurden demasiadas interrogantes nesta pésima práctica política. En que lugar deixa esta licitación aos servizos técnicos da Xunta? En que posición resta o interese xeral cando se entrega a redacción a empresas privadas, as cales pola súa natureza son susceptibles de asumir de xeito natural toda práctica de grupos lobbistas? Onde queda a pretendida austeridade ao subcontratar o que saben e poden facer os empregados e empregadas da Xunta? Para que valen os asesores da Xunta? Que concepto do público e do interese xeral sostén o actual goberno galego?

Polo exposto, este grupo parlamentar achega a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Esta licitación en que lugar deixa aos servizos técnicos da Xunta?
- Esta licitación non fire a denominada austeridade toda vez que emprega cartos públicos para un cometido que pode realizar a Xunta cos seus propios recursos?
- Esta licitación non compromete as atribucións do poder galego recollidas no Estatuto?
- Esta licitación non exacerba a posibilidade de que a redacción dos proxectos non sexa pasto de políticas lobistas?
- Esta licitación non compromete o interese xeral que ten que presidir a redacción de toda norma lexislativa?
- Vai rectificar a Xunta de Galicia e polo tanto a non privatizar baixo ningunha modalidade a redacción e outros cometidos anexos á elaboración dos proxectos de lei?

En Compostela, a 24 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 24/03/2015 15:28:58



Anton Sánchez García na data 24/03/2015 15:29:08